



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DÍA 7/12/2023, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENCIA

DOMINGUEZ SISTO, Aurea (AdV)

CONCELLEIROS

PARTIDO POPULAR (PP)

INSUA LAGO, Luis Manuel
RODRIGUEZ NEMIÑA, Susana
TRABA FERNANDEZ, José Manuel
SUAREZ SILVA, Jenifer
CANOSA TRILLO, Manuel

ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (AdV)

MARTINEZ TRABA, Francisco
LESTON REDONDA, Francisco Antonio

PARTIDO SOCIALISTA (PSdeG – PSOE)

MARCOTE SUAREZ, José
DOMINGUEZ LADO, Alexandre

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

SAR OLIVEIRA, Xan Carlos

SECRETARIO - INTERVENTOR

VÁZQUEZ CAMPAÑA, Marcos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 19:02 horas, do día 7/12/2023, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución do Pleno, requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia da Presidenta e do Secretario da corporación ou de aqueles que legalmente os substitúan.

Comprobado polo Secretario - Interventor, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto segundo as disposicións vixentes, a Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o

contido da seguinte Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén a Sra. Alcaldesa preguntando se algún membro da Corporación, quere formular algunha observación, ao contido da acta da sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación o día 6/11/2023, distribuída coa convocatoria.

Ao non facer uso da palabra ningún membro da corporación, a Sra. Alcaldesa somete a votación a proposta de aprobación da acta da sesión do Pleno da Corporación do 6/11/2023, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA SOCIEDADE DEPORTIVA FISTERRA, PARA A CONCESIÓN DE 6.500,00 €.

Vista a solicitude presentada por Sergio Insua Ruibo o 14/11/2023, en nome e representación da Sociedade Deportiva S.D Fisterra,

A Sra. Alcaldesa dá lectura á seguinte **PROPOSTA DE ALCALDÍA:**

Vista a solicitude presentada en data 14/11/2023 por Sergio Insua Ruibo en nome e representación da Sociedade Deportiva Fisterra, na que solicita a sinatura dun convenio de colaboración cun orzamento que ascende a 6.500,00 euros.

Comprobado o interese deportivo e social de promover a práctica do deporte masculino e feminino no Concello de Fisterra nas diversas categorías coas que conta actualmente a SD Fisterra.

Vista a Memoria xustificativa da necesidade e oportunidade do convenio coa Sociedade Deportiva Fisterra, asinado pola Alcaldía en data 27/11/2023, na que se relacionan, de conformidade co esixido polo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a necesidade e oportunidade da sinatura do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade así como o cumprimento do previsto na citada lei.

Tendo en conta o artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) con carácter excepcional poderanse conceder de xeito directo aquelas subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa pública convocatoria. Así mesmo no mesmo sentido se pronuncia o artigo 19.3.c) da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

Visto o Informe de Secretaría-Intervención obrante no expediente e emitido en data 27/11/2023, en virtude do establecido nos artigos 21 e 25 da Lei 7/1985, así como o 22 e 28 da Lei Xeral de Subvencións.

Atendendo aos antecedentes de feito e fundamentos de dereito examinados polos asistentes toda a documentación anexa trala deliberación pertinente, A Comisión Informativa permanente de asuntos xerais por 2 votos a favor (1 de PSdG- PSOE, 1 BNG) e 5 abstencións (3 do PP, e 2 Alternativa dos Veciños) acordan dictaminar favorablemente:

- 1) Conceder una subvención directa ao SD Fisterra por importe de 6.500,00 € para o proxecto "Fomento do fútbol en Fisterra, ao abeiro do artigo 22.2.c) da LXS.
- 2) Asinar o Convenio de colaboración ca Sociedade Deportiva Fisterra para o Fomento do Fútbol no Concello de Fisterra, conforme ao documento anexo obrante no expediente asinado pola Alcaldía en data 27/11/2023.

Intervén a Sra. Alcaldesa preguntando se hai algunha intervención.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

A continuación intervén o Sr. Luis Insua do Partido Popular:

-“ Como se comentou na Comisión de Asuntos Xerais do pasado 27, entendo que esta cantidade xa a comprometera coa Entidade o Goberno anterior. Por algunha razón non se chegou a tempo, e non se deron estes cartos. Nós creemos que os compromisos hai que cumprilos. De todos xeitos tamén o Goberno actual é o que debe posicionarse se quere abonar ou non esta contía.

Non son temas económicos e como dixeron os compromisos hai que asumilos e se se lle prometen a esta Entidade ou calquera outra pois débese dar.”

Intervén a Sra. Alcaldesa:

-“Eu aquí na proposta de Alcaldía que vos fixemos chegar para este Pleno indico **Conceder una subvención directa ao SD Fisterra por importe de 6.500,00 € para o proxecto “Fomento do fútbol en Fisterra, ao abeiro do artigo 22.2.c) da LXS,** tamén propoño asinar o Convenio que así mesmo se fixo chegar e agora procedermos á votación. Eu dos acordos verbais que pudieran ter os anteriores gobernos non me podo facer cargo, polo tanto vén a proposta aquí. Considero que é o que debo facer.

A continuación intervén o Sr. José Marcote (Grupo PSdG- PSOE) quen manifesta:

-“Temos aquí unha proposta para asinar un convenio cun Club de Fútbol que leva unha subvención de 6.500 €, estamos facendo referencia a un compromiso dun goberno anterior. Hai que saber todos os aspectos dese compromiso que non se saben evidentemente. É certo que nós tiñamos o firme propósito de aumentar agora mesmo dentro do Convenio actual pero xa lle dixemos ao Club que para iso había que facer unha modificación do Convenio e unha modificación de presuposto porque había a cantidade que había. De todos xeitos nós non estamos no Goberno agora, entón claro ese compromiso nós non temos a capacidade de ir para adiante con el, porque non estamos gobernando. Agora ben desde a oposición imos traballar nesa liña e imos seguir co noso compromiso. O acordo que se presenta hoxe aquí foi determinado na Comisión anterior que tivemos a semana pasada, e ese ditame votouse a favor por parte do BNG e máis do PSOE, entendo que ese apoio fai que esa proposta estea hoxe aquí porque se todos votamos en contra a proposta non chegaría aquí, ou todos nos abstivéramos non sei que pasaría. Hoxe temos a proposta aquí que é o interesante para poder votala porque tamén é certo que o que se votou no ditame da semana pasada é un voto que non é vinculante. Pode haber hoxe aquí razóns que poidan facer cambiar de opinión. Temos un informe de intervención que é desfavorable.

Corresponde a este Pleno levantar ese reparo que temos diante como facemos moitas veces, é á Alcaldía a quen lle corresponde levantar repartos porque non queda máis remedio porque senón o funcionamento normal do Concello a nivel económico sería bastante máis complicado, o que si é verdade é que se todos estamos de acordo supoñendo que así sexa é que a función que está levando a cabo o Club de Fútbol a S.D. Fisterra durante toda a súa traxectoria é unha función moi importante para o noso Concello. Entendo que se todos pensamos así debemos apoiar ao Club. Esa é a nosa idea, e nese sentido nós imos facer que ese reparo se levante e que o Club poida ter eses cartos para facer frente a pagos que seguramente xa están executados e que están pendentes de recibir esta subvención para poder cadrar as súas contas. Tamén



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

é verdade que nós desde o Partido Socialista o que si pensamos é que debería ser unánime o apoio ao Club coa percepción desta subvención”.

Intervén o Sr. Xan Carlos Sar do BNG:

-"O que solicitou o Club no seu día foi un aumento de 10.000 € este ano, senón como dixo Pepe un aumento de 10.000 € á subvención que tiñan de 20.000 € para que a subvención quedara en 30.000 €. Nós imos agora a subir 6.500 €, imos votar a favor desta cantidade porque xa se lle deron os 3.500 € por Decreto de Alcaldía, entón tería os 30.000 € deste ano (20.000 que xa se lle deron + 10.000 € máis) pero hai que ter en conta que hai que modificar un convenio que hai feito para que o ano que vén, o Club que vai a seguir necesitando eses 30.000 € para poder tirar para adiante. Nós sempre nos posicionamos na postura de estar de acordo con esa subida na subvención porque o Club de Fútbol de Fisterra leva o deporte base. Ten a moitos rapaces e rapazas xogando, ademais este ano creou a base de femenino. Como o Concello non ten escolas deportivas non as ten agora, nin as tiña antes. Resulta unha axuda para que tiren por aí. Esta axuda pode chegar a ser de 30.000 € porque é o único Club deportivo que hai no pobo se houbese un club de remo, piragüismo ou atletismo entón habería que repartir. Por iso nós votamos a favor pese ao reparo de intervención porque como xa se dixo xa se teñen levantado moitos reparos en todas as Administracións.

Sra. Alcaldesa:

-" Este é un convenio para o 2023, do 2024 xa se falará, xa se verá se fan falta 20.000 €, 30.000 €, 40.000, o que se trata é do 2023.

Na Comisión Informativa Alternativa dos Veciños decidiu absterse para que os que estiveses gobernando nese momento que se adquiriu ese compromiso vos manifestarades.

A axuda xa se viu ben clara no momento que por Decreto de Alcaldía se lle concederon 3.500 € para poderen facer as fichas da temporada.

Intervén o Sr. Francisco Antonio Lestón, de Alternativa dos Veciños:

-"Somos coñecedores dese compromiso e sabemos que necesitan eses cartos, polo tanto imos votar favorablemente.

A continuación procédese á votación co seguinte resultado:

- Votos a favor (3 de Alternativa dos Veciños, 2 PSdG-PSOE, 1 BNG)
- Abstencións (5 do Partido Popular)

3º) MOCIÓNS DE GRUPOS POLITICOS-MOCIÓN DO BNG: UN NOVO IMPULSO PARA A MANCOMUNIDADE "COMARCA DE FISTERRA co seguinte contido:

En xaneiro de 1995 nacíu a entidade supramunicipal "comarca de Fisterra", co obxectivo de ofrecer aos veciños de Cee, Dumbría, Fisterra e Corcubión, máis tarde Muxía, un servizo común de abastecemento de auga dende o embalse do Ézaro, e pouco despois, o servizo de saneamento nos concellos de Cee e Corcubión. Pasaron xa 28 anos, e o último informe elaborado pola Deputación da Coruña, respecto da



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

solicitude da empresa concesionaria para subir as tarifas aos usuarios para recuperar o equilibrio económico financeiro do contrato, deixa en evidencia a desgana e apatía existente nos órganos responsábeis do funcionamento deste organismo comarcal, onde nin tan sequera se teñen tomados os acordos nos respectivos concellos para mancomunar o servizo de abastecemento, por moito que apareza reflexado nos estatutos do ente, nin nunca se chegou a licitar tal servizo, estando agora mesmo nunha situación de precaridade administrativa. Tan só existe un contrato de concesión dos servizos de tratamento e depuración de augas residuais e mantemento da rede da Mancomunidade de Fisterra, que foi prorrogado hai pouco tempo por 10 anos máis, a pesar de que só se podía prorrogar por 5 anos máis, ao existir un límite máximo de 25 anos de duración do contrato. A lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local reconece no artigo 44 o dereito dos concellos a asociarse en mancomunidades para a execución en común de obras e servizos determinados da súas competencias, e nos artigos 135 e seguintes da lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia regulase a constitución e funcionamento das mesmas, namentres que nos estatutos da propia mancomunidade recóllense os servizos a xestionar, que inicialmente era o abastecemento de auga, e que foron modificados posteriormente para deixar aberta a posibilidade de mancomunar outros servizos, sempre que así se acorde nas respectivas corporacións. A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, aprobada en plena crise económica, retocou as competencias e obrigou a conter o gasto nas entidades locais. As distintas leis de orzamentos do estado limitaron a posibilidade de contratación do persoal que se ía xubilando, polo que os concellos non tiveron case posibilidade de aprobar OPE's, reducíndose os cadros de persoal. A nova lei de contratos públicos, que entrou en vigor no ano 2018, esixía novos procedementos e tramitacións que requiren de recursos humanos exclusivos para esa área, ademais de aumentar de forma considerable a formalización da contratación e a súa publicidade, en aras de respectar os principios de igualdade, competencia e transparencia. E a todo isto, súmaselle a demanda continúa de novos servizos da veciñanza, que moitos concellos asumen como competencias non propias, e de vellos servizos, como o de servizos sociais, replanteado no 2013, e que se xestiona por delegación, a base de axudas xa irrisorias de quen ostenta a competencia, a Xunta, e que cada día precisa de máis e máis financiación que os concellos non poden asumir, pero que se ofrecen para evitar o despoboamento acelerado do rural e dos territorios periféricos como o noso. Esta mestura de circunstancias, sumadas a moitas outras, como a subida desmesurada dos servizos e dos prezos, coma a luz ou os materiais de construción, tan necesarios na obra pública, están a provocar situacións insostibles na xestión do día a día e no gasto corrente, ou mesmo situacións de desaparición de servizos, polo que nos aboca a que debamos reconsiderar a xestión en solitario de determinados servizos e subministracións, a favor de mancomunalos, co fin de seguir ofrecendo e mellorándoos a toda a poboación da comarca, optimizar a súa xestión, aforrar custes e sobre todo, evitar que os nosos veciños e veciñas abandonen as súas casas, empadroándose nas cidades e pobos limítrofes con mellor oferta de servizos públicos. Poderíamos mancomunar dúas dúcias de servizos como mínimo, pero a realidade da situación que temos na que observamos que aínda non termamos do pouco que hai, lévanos a ser cautos neste inicio dun novo tempo. Consideramos, que é inminente a posta en marcha común de servizos como a recollida de lixo (contedor verde, amarelo, azul e agora o marrón), un punto limpo de residuos voluminosos e líquidos, un servizo de grúa para retirada e depósito de vehículos, a recollida de animais soltos e abandonados, a protección civil, a policía local e a subministración de enerxía eléctrica. Algúns destes servizos, como a protección civil, de facto, xa están



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

“mancomunados”, na medida en que existe unha boa coordinación das agrupacións locais e colaboran permanentemente nos eventos e situacións nas que son necesarios. Respecto da policía local, tan só Fisterra, Cee e Muxía, están prestando actualmente este servizo, nalgúns casos de forma precaria, por falla de efectivos no cadro de persoal, e sen poder realizar as gardas cumprindo a normativa respectiva. No caso de Dumbría, non se presta, e no caso de Corcubión, tampouco dende que se xubilou o único policía local, quedando vacante a praza e sen convocarse debido ao mínimo de unidades necesarias para ter o servizo activo, conveniando neste caso coa garda civil, a vixilancia do cumprimento das normas de tráfico no concello. Consideramos que é preciso ter unha comisaría única de policía comarcal, con varias unidades, sostida por todos os concellos, para vixiar, prever a vulneración da lei, protexer á cidadanía, controlar o tráfico e exercer de policía administrativa en toda a comarca. A Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, involucra aos concellos na protección dos animais en situación de emerxencia para que non recaian as responsabilidades só en entidades privadas e sen ánimo de lucro, creando un novo gasto corrente, que se fai inasumible cando aparecen un número de cans e gatos abandonados desorbitado, polo que compensa crear e xestionar un centro público de acollida de animais comarcal. Estes son algúns exemplos de servizos que se poderían transferir á mancomunidade de forma inmediata, máis somos conscientes que é preciso realizar un estudo económico que analice aspectos como os custos ou a eficiencia da xestión, fundamentais para tomar a decisión política máis acertada. Neste sentido, é crucial o papel determinante que pode xogar a Deputación da Coruña, que entre outras competencias ten atribuídas a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal, ademais do deber de fomentar a coordinación da prestación unificada de tales servizos, polo que deba apoiarnos nesta encomenda que de seguro lle interesa, xa que non esquezamos que tamén ten atribuídas competencias propias como a prestación dos servizos de tratamento de residuos nos municipios de menos de 5.000 habitantes, cando non se presten, ou a contratación centralizada. Ademais a Deputación debe realizar o seguimento dos custos efectivos dos servizos prestados polos municipios da súa provincia, e cando detecte que estes custos son superiores aos dos servizos coordinados ou prestados por ela, ofrecerá aos municipios a súa colaboración para unha xestión coordinada máis eficiente dos servizos que permita reducir estes custos. Así o establece o artigo 36.1. h) da lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local. Este documento, pretende ser o inicio dun novo tempo para a xestión municipal na nosa comarca, un documento de impulso e aberto a máis aportacións, pero que non pode ter volta atrás. Os estudos e debates poden reducir ou aumentar os servizos a prestar pola mancomunidade, pero non poden obviar unha realidade que é inminente, a capacidade financeira e económica dos concellos fai augas. A falla dun plan actualizado de financiamento das entidades locais, e a vontade de manter servizos cada vez con menos habitantes e con máis idade, faise inviable dende o punto de vista económico, agravado coa existencia de políticas de competencia entre os propios concellos para gañar poboación. Estas son razóns suficientes para dar os primeiros pasos na mancomunidade, e para comezar a deseñar entre todos e todas un futuro comarcal que debe ir máis alá no territorial, no administrativo e no político, creando unha verdadeira comarca cun único goberno que xestione o devir de máis de 20.000 habitantes, mellorando e ampliando os servizos públicos e as comunicacións, xestionando unha administración única e descentralizada, capaz de ofrecer servizos de calidade en todas as atribucións competenciais e sobre todo, centrada en atraer investimentos para crear economías sostibles no entorno, de forma ordenada, que aumenten o emprego e a calidade de vida da xente e rematen co despoboamento do



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

rural que estamos a padecer. Por todo o exposto, propoñemos ao pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1º- Estudar e debater na primeira sesión a celebrar na mancomunidade de Fisterra este documento.

2º- Instar á mancomunidade a solicitar unha xuntanza coa Deputación para explorar a viabilidade do plan e o financiamento do estudio.

3º- Trasladar este documento ás entidades sociais e económicas do concello para o seu estudo e debate, instando a que opinen e fagan propostas sobre o mesmo, dando novamente traslado das respostas a todos os grupos políticos desta corporación.

INTERVENCIONES

Sr. Xan Carlos Sar:

-“ O que quero dicir en defensa desta Moción é que hai que ter un pouco de memoria, aquí fálase de 1996 cando se creou a Mancomunidade, hai que ter en conta para qué se creou. Se non tivesemos a Mancomunidade non seríamos capaces de ter o turismo que temos porque non teríamos auga para cubrir todo o verán.

Hai que ser conscientes tamén de que cando tiramos como Comarca aínda que non foi a Mancomunidade si que foron movementos moi semellantes os que conseguiron traer o Hospital Comarcal, que ía ir para un sitio e polo ben facer de moita xente acabou en Cee que era o lugar considerado máis céntrico.

Esta Moción é un documento, non está falando de que teñamos que crear nada xa.

Nós estimos 8 anos na Mancomunidade e intentamos modificar os Estatutos varias veces como tamén xa comentara nalgunha ocasión Traba. Como sempre se está intentando dar un paso e nunca se está facendo, esta Moción é para dar ese paso e falar coa Deputación Provincial dos trámites que se poden facer, pasarlle este documento aos entes públicos, Asociacións, Axentes financeiros, Asociacións de Turismo para que nolo poidan corrixir e nos poidan mandar algunha modificación e dicirnos se están de acordo”.

Intervén o Sr. Luis Insua:

-“Estamos a favor do que di a Moción, aínda así é quedarse un pouco curto e superficial. Falta moito traballo por diante para conseguir un Ente que estea ao servizo real dos cidadáns. Vémolo un pouco escaso, pero pode ser un primeiro paso”.

Sr. Francisco Antonio Lestón:

-“O noso grupo municipal de Alternativa dos Veciños xa trasladou á cidadanía de Fisterra en campaña electoral como unha das nosas propostas revitalizar e mancomunar algúns servizos municipais como recollida de lixo, limpeza de vías, mantemento da rede de sumidoiros.

Sen embargo desde o noso grupo antes de propoñer á Mancomunidade esta Moción sería necesario propoñer con antelación, estudar e debater cos demais grupos políticos e coas Asociacións que se prestasen, un documento que logo daríamos traslado á mesma para o seu estudo e aprobación se correspondese polo que o noso grupo neste momento sen este traballo previo creemos que nos imos abster”.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Intervención de Sr. José Marcote do PSdG-PSOE:

-“Como dixo Kuka antes nós estivemos 8 anos gobernando, unha das batallas contínuas que tivemos foi o de intenta que a Mancomunidade tivera unhas competencias máis amplas das que ten como calquera outra Mancomunidade doutros sitios de Galicia. Tivemos moitas dificultades e non conseguimos que todos os Concellos apostaran por darlle competencias á Mancomunidade. O máximo que chegamos a facer foi pedirlle uns informes para ver se eso se podía facer cos estatutos que tiñamos ou había que cambialos para poder ampliar as competencias da Mancomunidade.

Pedimos informar á Administración Local, á Deputación informes que incluso foron contraditorios uns dicían unha cousa e outros dicían outra e non conseguimos convencer ao resto dos Concellos para que esas outras competencias entraran dentro da Mancomunidade. Como dixo Kuka tivemos un problema que segue aí, que nos impulsou a insistir no tema como é a Lei de Protección Animal que está conseguindo facer un furado importante nas arcas municipais. E moi bonito coidar os animais e aos que están abandonalos recollelos pero claro resulta doado sacar leis pero non proporcionar os cartos para levalas a cabo. Eso é o que lles ocorre aos Concellos segundo a lei somos os responsable de recoller os animais e mandalos á protectora pero quen ten que pagar a día de hoxe somos nós e as facturas mensuais por eses coidados son importantes e penso que seguen sendo importantes.

Iso incitounos a volver a retomar o tema para ver se polo menos conseguíamos facer este tema mancomunado de tal forma que repartindo entre todos e creando un centro onde se puideran levar os animais poderíanse abaratar os custes incluso se falara coa Deputación para ver se se podía tamén crear un Ente, estívose traballando moito pero non conseguimos levar a cabo o que realmente quixéramos, por outra parte hai que ter en conta que a estrutura tal e como está montada, non permite agora mesmo facer nada. Realmente para encher de competencias a Mancomunidade debe ter persoal de xestión da comunidade que poida levar a cabo todo eso porque desde os Concellos é imposible, incluso nos estamos turnando a Secretaría-Intervención cada vez que un Concello ten a presidencia. Pero non todos os secretarios interventores están de acordo porque eles non están obrigados a levar ese traballo e aí tivemos problemas para levar a cabo a labor de xestión. A proposta que trae o BNG como levamos moito tempo traballando neste asunto entendemos que é un primeiro paso máis para seguir traballando eu creo que o documento tal cual está evidentemente pode ser mellorable, discutible. Hai que arrancar con algo. Nós pensamos que é un documento perfectamente válido para arrancar e despois traballar sobre el e perfeccionar o que haxa que perfeccionar, aportar e quitar o que haxa que quitar. Pero á idea hai que lle dicir que si, é ben para todos nós e para toda a veciñanza. Temos que apostar por esa idea”.

Intervén a Sra. Alcaldesa:

-“Vós fostes membros da Mancomunidade igual que Francisco Lestón e eu agora. A Mancomunidade adolece de moitas cousas, non ten todos brazos para nada, apenas ten un para levar o que leva. Hai que facer un estudo exhaustivo. A mesma Mancomunidade sábeo de que adolece.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Pedirille esto é como pedirle a un cego que vexa. Primeiro ten que facer un estudo a onde pode chegar, o presuposto. Esta Moción é moi xeral. Isto xa se está facendo agora mesmo, xa se lle pediu un informe, non sei cántos se pedirían estando vós. Na última reunión que tivemos estaba tamén o secretario Marcos e así se acordou porque ademais levades a Moción do Bloque de Corcubión que xa se tratou alí e xa se acordou que era algo moi xenérico que se necesitaba concretar e facer un proxecto desde dentro da Mesma Mancomunidade”.

Sr. Xan Carlos Sar:

-“É o que di a Moción, facer un estudo e remitirillo á Deputación, ás Asociacións. Se a o final non se pode xestionar o da Policía Local, pois non se pode pero temos outros temas. E algo que se pon enriba da Mesa para traballalo para aportar o que queirades a este Documento tanto partidos políticos como asociacións.

Hai tres acordos, un que xa fixestes que era levar o asunto á Deputación para intentar xestionar todas estas cousas que se propoñían. Dar traslado deste documento ás asociacións e partidos políticos para estudalo e modificalo. Hai que ter memoria de todo o que se fixo conxuntamente, como concellos da zona imos a menos coa poboación, temos que tirar para adiante para poderlles ofrecer os servizos á veciñanza porque senón quedamos sen eles. Cada vez vai ser máis complicado tirar para adiante”.

Intervén a continuación a Sra. Alcaldesa:

-“Tal e como está creada agora a Mancomunidade é moi elemental para todo isto. Habería que estudar unha vez que chegue o informe requirido á Deputación, ao mellor hai que crear outro organismo para todo isto que queremos coordinar e non é á Mancomunidade o organismo para facelo. Cando chegue o estudo da Deputación orientarse nese sentido ao mellor non é a Mancomunidade a que ten que levar a cabo estes servizos”.

Sr. Xan Carlos Sar:

-“Se se empezan a dar pasos e podemos modificar os Estatutos e que non queden encallados aí. Hai Concellos que non queren mancomunar os servizos”.

Sra. Alcaldesa:

“-Iso xa está en marcha, no estudo verase ata onde chega esa Mancomunidade”.

Sr. Xan Carlos Sar:

-“Eu o que espero e que se chegan a mancomunar os servizos que non sexa Fisterra que os obstaculice porque isto pódese chegar a facer. Hai que darlle traslado desta Moción ás Asociacións para que estuden se queren aportar algo a maiores ou quitar algo do que hai perfecto, porque seguimos traballando con este documento. Nós nos dicimos que é un documento pechado, é un documento aberto para o seu estudo para poder aportar, incluso poder quitar cousas como é o da Policía Local. A alcaldesa de Cee negábase a todo isto porque ela di que se o Concello de Cee ten 6 policía locais



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

para o servizo de Cee, se ten que repartir co restos dos municipios a xente de Cee vese prexudicada”.

Sra. Alcaldesa:

-"O que digo eu é que na Mancomunidade habería que facer un cambio profundísimo pero estamos á espera dese estudo porque nós formamos parte da Mancomunidade. Leva mal incluso para o que está formada. A min paréceme un castelo no aire, deberíamos esperar ese informe da Deputación se é viable que a Mancomunidade asuma todo iso ou temos que crear outro órgano comarcal que coordine e de acordo cos concellos que estean convenidos mirar qué puntos tocar”.

Procédese á votación quedando da seguinte maneira:

Votos a favor 8 (5 do PP, 2 PSdG-PSOE, 1 BNG)

Abstencións 3 (Alternativa dos Veciños)

-MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á REIVINDICACIÓN DO DIA 25 DE NOVEMBRO E Á NECESIDADE DE IMPULSAR COMPROMISOS ECONÓMICOS E ORZAMENTARIOS PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á VIOLENCIA MACHISTA, CO SEGUINTE CONTIDO:

Ante o negacionismo e a banalización da violencia machista, é urxente un compromiso político e orzamentario firme por parte de todas as institucións. Máis aínda nun contexto no que vimos de ver como no que vai de 2022 aumentaron os feminicidios tanto en Galiza como no conxunto do Estado. Esta situación, que se dá ademais nun contexto sociopolítico de avance dos discursos machistas, debe facer saltar todas as alertas nas administracións públicas e levar á revisión dos mecanismos previstos para mellorar a prevención e a intervención, así como para concienciar á sociedade das consecuencias do patriarcado e da falsidade dos discursos que cuestionan a súa existencia. O pasado 13 de outubro o Observatorio de Violencia do Consello Xeral do Poder Xudicial facía públicos os datos máis recentes respecto da violencia contra a muller na estatística xudicial, que nos permiten ver unha parte da súa enorme dimensión ao térense rexistrado no primeiro semestre de 2023 un total de 1707 denuncias. Pola súa banda, na Memoria 2023 (Exercicio 2022) da Fiscalía de Galiza recóllense máis de 5.000 delitos incoados como violencia de xénero e máis de 1.600 contra a liberdade e a indemnidade sexual. Por outra banda, un dos ámbitos que máis preocupa ás persoas expertas é o do lecer o ocio nocturno e o coñecemento de violacións e agresións sexuais en grupo e por parte de agresores mozos. Lamentablemente, no verán de 2023 coñecemos agresións sexuais múltiples a través dos medios de comunicación que nos recordan a necesidade de avanzar, como é o caso da violación de dous agresores no Porriño a unha moza no contexto dunhas festas ou a agresión sexual tamén cometida por dous mozos a unha moza nas festas de Monforte en agosto e recentemente vimos de coñecer polos medios de comunicación outra agresión sexual múltiple en Sarria. Aínda que o Parlamento galego acordou, a proposta do Xan Carlos Sar Oliveira Fisterra BNG, impulsar un Protocolo específico para este ámbito en febreiro de 2023, e a Xunta afirmou que estaría listo antes do verán, continúa sen estar activado. A violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde e fronte a efemérides rituais e baleiras de contido, temos unha responsabilidade colectiva á hora de fixar novos



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

compromisos como adecuar as axudas á escalada de prezos e comprometer máis recursos, así como esixir o cumprimento daquelas cuestións que aínda están sen desenvolver da Lei galega contra a violencia machista, como é a atención psicolóxica na atención primaria. ACORDO: Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Expresar o seu rexeitamento ante o avance dos discursos negacionistas e banalizadores da violencia machista, e a súa preocupación ante os retrocesos en dereitos que está a impulsar a dereita en diversas institucións no conxunto do Estado malia o aumento dos feminicidios que estamos a vivir durante o 2022, así como o seu apoio ás demandas do feminismo galego e ás convocatorias impulsadas ao abeiro do 25 de novembro de 2023.

2.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2024 de forma que se sitúen como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero en aspectos como a atención psicolóxica na atención primaria (artigo 25) e se avance en medidas concretas como elevar as contías da prestación periódica (artigo 39) para actualizalas conforme ao incremento do IPC.

3.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os esforzos na prevención e na loita contra a violencia sexual, acelerando os traballos encamiñados ao cumprimento dos acordos parlamentarios en materia de aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte agresións sexuais no marco do ocio nocturno e impulsando no curso 2023/2024 unha campaña específica sobre a violencia sexual e os recursos no ámbito do ensino secundario e universitario para espallar o seu coñecemento entre a poboación máis nova.

4.- Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:

4.1 O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.

4.2 A contía económica máxima que a Xunta de Galiza alcanzará para o financiamento dos CIM a través da liña de axudas anual terá en conta a fixación de ratio mínimas de persoal que deberán establecerse en función do número de mulleres potencialmente usuarias do servizo así como a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM. Así mesmo, o Programa de apoio aos CIM procurará que o orzamento garanta non só o pagamento dos custes de persoal e de mantemento senón tamén o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

4.3 Impulso das actuacións necesarias para que a normativa que regula os CIM amplíe o persoal mínimo para a acreditación dos centros para incorporar novos perfís profesionais, nomeadamente, persoal técnico en igualdade e persoal administrativo.

INTERVENCIÓNS

Sr. Xan Carlos Sar:

-“Os acordos falan de apoiar o 25N , esta data xa pasou, deberíamos ter presentada a Moción no Pleno anterior pero non a tiñamos lista. E algo no que hai que traballar día a día non só facer actos e saír á rúa ese día, por iso pedimos que se destine o 1% do orzamento da Xunta para loitar contra esto, educando os rapaces e rapazas nos colexios e institutos todos os días do ano, non só un día en concreto. Desgraciadamente non hai boas noticias ao respecto. Todos os anos morren máis muller a mans dos homes, isto é, son asasinadas por homes. Hai rapazas que non poden saír polas noites e non poden ir vestidas con saias curtas porque provocan. Para cambiar estes pensamentos hai que facer un esforzo e ese esforzo ten que ser económico. A Xunta ten un compromiso parlamentario para sacar iso nos orzamentos, entón a Moción vai por aí”.

Sr. Luis Insua:

-“Desde o noso grupo municipal condenamos firmemente calquera tipo de violencia, tamén a machista. Todos os esforzos son poucos, por iso apoiamos esta Moción”.

Sr. Francisco Lestón:

-“O pasado 25 Novembro os movementos feministas e a poboación en xeral fíxose escoitar en todas as vilas galegas reclamando a fin da violencia machista no caso concreto da nosa comarca baixo o lema VIVIR non SOBREVIVIR, actualmente 4.700 mulleres en Galicia teñen algún tipo de protección segundo a última memoria presentada pola Fiscalía presentado no ano 2022, 50 mulleres morreron en España asasinadas a man das súas parellas. No que vai de 2023, son 52, creo que xa son 53. O 44% destas mulleres presentou denuncia previa contra estes agresores, tendo en conta que no ano 2021 as denuncias presentadas foron dun 23% e no ano 2020 foi de 14,3% vemos claramente a importancia dos centros de información ás mulleres para a protección e asesoramento. Por iso desde Alternativa dos Veciños somos coñecedores que o movemento feminista vén reclamando a incorporación destes fondos de polo menos o 1% do presuposto total da Xunta para dotar de recursos para prevención e tratamento integral contra a violencia machista polo que apoiamos esta Moción do BNG, sobre a reivindicación do 25 Novembro e a necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir esta protección”.

Sr. José Marcote:

-“Esta é unha Moción na que é moi fácil que nos poñamos todos de acordo porque as últimas cifras que temos de violencia contra as mulleres dinnos que temos que seguir traballando e que temos moito traballo por diante que facer. Nós somos un partido que podemos dicir con orgullo que levamos un traballo moi importante feito desde as diversas institucións, traballamos moi forte en pro da igualdade de homes e mulleres e



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

tamén igualdade entre persoas de distintas orientacións sexuais que tamén reciben violencia.

Despois de todo o traballo que levamos feitos estamos de acordo en seguir traballando día a día. A veces fanse cousas en contra tamén sen darnos conta. É moi importante que os pasos que se dean sexan para adiante. Sabemos que hai partidos que negan a violencia de xénero, partidos que deberíamos rexeitar todos os que apostan pola igualdade e a non violencia contra as mulleres pero son sempre é así, partidos que comparan a violencia coas discusións familiares. Tratan ese problema con frialdade, denominándoa violencia interfamiliar.

Temos que poñer todo da nosa parte para que isto non suceda. Son partidos que se poñen a cuantificar e poñer o acento máis nas denuncias falsas que son puramente testimoniais, co grave problema que temos nas denuncias reais e mortes reais.

E triste e vergonzoso pero tamén nos encontramos aquí no Pleno que a nosa Alcaldesa tamén nos chamou aquí machistas. Puxo a discriminación de xénero nun sitio onde non cabía. Usar esto falsamente non está ben, porque esas actitudes son as que aplauden os machistas, cando temos cargos públicos temos que ter moito coidado co que dicimos e facemos.

Por certo, señora Alcaldesa estamos esperando unha desculpa”.

Sra. Alcaldesa:

-“Como lle chama vostede á privación do xantar e do salario a unha persoa?”.

Sr. José Marcote:

-“Non é que teña que pedirme persoalmente perdón a min, se vostede dixo algo en público que non debería ter dito, debería retractarse das súas palabras. Non costa traballo ningún facelo porque despois claro rasgamos as vestiduras loitando contra a violencia dos homes pero resulta que ás veces somos mulleres e aproveitámonos para certas cousas. Nós evidentemente, despois de todo isto, imos apoiar a Moción porque temos que seguir traballando. As últimas cifras así o certifican”.

Sra. Alcaldesa:

-“Tócame a min por alusións, pensei que a parte desta historia oscura de Fisterra xa quedara aí , pero vostede volve a levantala non sei ben por qué.

Trata de un xeito banal o feito de negarlle o salario a unha persoa durante case 5 meses porque a vostede simplemente non lle dou a gana, e empecei a cobrar cando vostede quixo. Iso non é faltar a ningún dereito?
O delito cometino eu chamándolle machista”.

Sr. José Marcote:

-“Non, a violencia que supostamente temos contra vostede por ser muller, quero que matice eso . Quero que teña claro que non foi así. Non o ten claro aínda?”.

Sr. Alcaldesa:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Non”.

Sr. José Marcote:

-“Se non o ten claro aínda. Ten que recoñecer que se equivocou.”

Sra. Alcaldesa:

-“Como calificar alguén que me negou cobrar polo meu traballo. Doulle igual que mes tras mes durante 5 meses, que me vai dicir de moralidade”.

Sr. José Marcote:

-“Creo que nunca tivo claro que a misión do PSOE de Fisterra non era arranxar a súa vida privada”.

Sra Alcaldesa:

-“Non, pero pensei que para o PSOE sexa de Fisterra ou de onde sexa os dereitos fundamentais os tiña ben dentro pero está visto que o PSOE é unha cousa e José Marcote outra. Dubido que vostede sexa socialista. Non quero aburrir á xente coas nosas historias”.

Sr. José Marcote:

-“Seguireille recordando que me debe unha desculpa”.

Sra. Alcaldesa:

-“Sígolle recordando que me debe vostede cartos, o salario de case 5 meses”.

Sr. José Marcote:

-“Débolle cartos? Pois xa está”.

Sra. Alcaldesa:

-“ E un perdón tamén.”.

Procédese a continuación á votación, e queda aprobada por unanimidade.

4º) DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DE RENUNCIA DE XAN CARLOS SAR OLIVEIRA, Á ACTA DE CONCELLEIRO DO GRUPO BNG.

Visto o escrito presentado en data 07/11/2023 polo concelleiro D. Xan Carlos Sar Oliveira, renunciando á súa condición de Concelleiro do Concello, cargo que exerce na actualidade e do que tomou posesión na sesión constitutiva da Corporación, celebrada o día 17/06/2023, ao ser proclamado electo coa candidatura presentada polo Partido BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, na que ocupaba o posto núm. 1º, e de



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

conformidade co previsto na lexislación electoral e do réxime local, así como na Instrución da Xunta Electoral Central sobre substitución de cargos representativos locais, de 10 de xullo de 2003, o Pleno por unanimidade, acorda:

Primeiro. Tomar coñecemento para a súa efectividade, da renuncia formulada por D. Xan Carlos Sar Oliveira na súa condición de concelleiro do Concello de Fisterra e a todos os demais cargos que exerce, derivados desta condición.

Segundo. Comunicar este acordo á Xunta Electoral Central para que expida a credencial acreditativa da condición de electo a favor da candidata seguinte na lista electoral do PARTIDO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO presentada no Concello de Fisterra.

INTERVENCIÓNS:

Sr. Xan Carlos Sar:

-“Do mesmo xeito que me tiña que despedir da xente dos barcos cando andaba ao mar, que foron uns 15 anos polo mundo adiante, ou cando me despedín dos compañeiros/as das prazas de abasto da Estrada e Lalín, ou tamén dos clientes na época de peixeiro que foron 10 anos hoxe tócame despedir de ser representante do pobo de Fisterra como concelleiro. A primeira vez que tomei posesión foi en xuño de 2023 con este mesmo libro que hoxe traio aquí. Homes de ferro en barcos de madeira para poñer en valor o traballo da xente do mar, e mulleres tamén, o que pasa é que o libro fala de homes porque daquela eran os que ían ao mar.

Estaba José Traba de Alcalde e eu era o número 8 da Candidatura e acabei como portavoz o que quedaba de mandato e fun candidato á Alcaldía nos anos 2015, 2019 e 2023, van fóra 10 anos e medio, dos cales 8 foron formando parte dun goberno en coalición ocupando o posto de 1º tenente de Alcalde.

En todo este tempo e sobre todo nos 8 anos de Goberno, esforceime en todo momento por atender e tratar calquera outro asunto da veciñanza así como darlle unha volta á xestión municipal para facela máis ordenada, racional, participativa, aberta e dinámica. Tamén procurei ter as mellores palabras e sorrisos, a ilusión, a motivación e a dedicación constante na responsabilidade que desenvolvín, o que en termos mariñeiros vén sendo fe, ganas e ansia. Calquera bo patrón sabe que sendo mariñeiros con estas características o peixe está asegurado a bordo. Fixéronse moitas cousas no anterior goberno que non é o sitio nin o momento para enumeralas pero permitirme dicir que por todo o feito é agora máis doado sacar adiante as cousas. Durante todo este tempo din máis do que eu mesmo pensei que ía dar cando no 2013 tiven que me ocupar da portavocía do BNG de Fisterra, ata estou seguro de que se houbera apostas, habería máis xente que perdería máis cartos dos que gañase. Marcho sentindo que cumprín co meu deber, creo que traballei con suficiente honradez e dedicación por e para Fisterra.

Vou rematar e non quero facelo sen os agradacementos a toda a xente que dunha maneira ou doutra tivo que aturarme e ás veces darme os apoios tan necesarios durante este tempo, como non podía ser doutra maneira á miña familia: - Aranza, Uxía, Fiz e miña nai, porque aínda que un poña unha coraza e un escudo de enerxía



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

para que non afecte o que digan ou comenten, elas sempre tiveron que aguantar o que falaban de min pola rúa, nas redes sociais.

Agradecemento tamén aos camaradas, en especial a Fredi que me animaron e confiaron en min desde o 1º momento. Confiaron incluso moito máis que eu mesmo.

As compañeiras/os do BNG de Fisterra porque elas e eles foron os que decidiron que eu estiveran aquí escolléndome ata 4 veces, as compañeiras/os do BNG da Comarca que algún hai hoxe por aquí.

A todo o persoal do Concello e aos/as voluntarios/as de Protección Civil e da Biblioteca que me deixaron traballar man a man con eles. Cando falo de man a man non só é en sentido literal.

Á xente da Deputación (tanto políticos como funcionarios) en especial á Vicepresidenta Goretti Sanmartin hoxe alcaldesa de Compostela porque grazas a ela o mercado cultural está en marcha.

Ás deputadas e deputados do Parlamento Galego por atendernos sempre que os chamamos e un agradecemento especial á miña compañeira e eurodeputada Ana Miranda, quen leva a Fisterra no pensamento e no corazón.

Hoxe dou un paso a un lado e deixo a primeira liña na política local, deixo de ser concelleiro pero non deixo a política, é algo que levo dentro. Cando algo se leva dentro só a morte o pode arrebatara.

Poderíase dicir que en sentido político son coma o mar, teño principios pero non final.

Seguirei a traballar onde toque para defender os intereses de Fisterra e do pobo galego.

Grazas, sra Alcaldesa, por deixarme dicir estas palabras.

Grazas a todos/as compañeiros/as da Corporación.

Viva Fisterra, Galiza ceibe e socialista”.

Sra. Alcaldesa.

-“ Desde o primeiro momento en que tomei posesión fostes un dos concelleiros (á parte dos do meu grupo) que ante todo soubestes ser persoa, sempre fostes fiel aos teus principios, que respectas a dignidade humana por encima de todo e agradézoche moito todo este tempo o apoio que me destes.

Demostrastes aquí que vales a pena como político”.

Procedemos á votación do trámite administrativo do acordo de Renuncia, quedando aprobado por unanimidade.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

5º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.

Para cumprir co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía, que van do número 2023/G003/000498 de 18/10/2023 ata a número 2023/G003/000590 de 28/11/2023.

6º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA CONTRARIAS AOS REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN (ARTIGO 218.1 DO TRLHL).

Para cumprir co establecido no artigo 218.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía contrarias aos reparos efectuados pola Intervención entre o 02/10/2023 e o 30/11/2023 , que van do Decreto exp 2023/G003/000504, de 09/10/2022 ata a Decreto exp. 2023/G003/000582, de 30/11/2023.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Intervén o Sr. Luis Insua do PP:

-“Sra Alcaldesa, no pasado Pleno ordinario do mes de outubro preguntamos polos permisos de Costas para as actuacións que se levaron a cabo no Paseo de Sardiñeiro. Vostede dixo que estaban.

Sra. Alcaldesa:

-“Si”

Sr. Luis Insua:

-“Preguntamos se podíamos pasar o luns a primeira hora a recollelo ou polo menos rexístralos de entrada. A día de hoxe non temos contestación”.

Sra. Alcaldesa:

-“Do PP non temos ningunha solicitude”.

Sr. Luis Insua:

-“Hai dúas posibilidades , unha que sexa polo que di que non lla fixeron chegar e outra que sería máis grave, que vostede minte. Cando minte non me minte a min, nin a nós, minte á veciñanza de Fisterra porque para facer este tipo de actuacións vostede, como dixo o primeiro día as cousas fanse por escrito e ben. Supoño que nas súas palabras significarán o mesmo que para min. Como vostede fai as cousas resulta moi fácil, e chega ao Pleno e di que están os Permisos de Costas”.

Sra. Alcaldesa:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Teña coidado co que insinúa”. Xa insinuou vostede un roubo, diga claramente o que quer dicir e non insinúe.”.

Sr. Luís Insua:

-“Vainos facilitar os permisos de costas?”.

Sra Alcaldesa:

-“Se o solicitudes como debe facerse si”

Sr. Luis Insua:

-“Mando a Rueda ou Feijoo a que fagan o escrito?”

Sra Alcaldesa:

-“Mándame a Rueda”.

Sr. José Manuel Traba do PP:

-“Que conste en acta esto último”

Sra. Alcaldesa:

-“Que conste en Acta que cando a Xunta fixo a campaña de comercio BONO, non tivo a dignidade de contar co Concello de Fisterra”.

Sr. Luís Insua:

-“A pregunta sométese ao grupo de goberno ou a min”.

Sra. Alcaldesa:

-“ Sométese a vostede”.

Sr. Luís Insua:

-“De todas formas estes permisos nós imos volver a solicialos na forma que vostede diga, porque as actuacións está moi ben facelas pero hai que facelas ben. Vostede mesmo o dixo e non cumpre o que di senón que é moi fácil todo.

Sra Alcaldesa:

-“Moi fácil para os que non fixestes nada”.

Sr. Luís Insua:

-“Todo o que está feito, está feito por ti. Pode falar a xente do público?”



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sra. Alcaldesa:

-“ non, non pode falar.”

Sr. Luís Insua:

-“Pode recurrentemente a xente do público falar pleno tras pleno?”

Sra. Alcaldesa:

-“Non”.

Intervén o Sr. Traba e manifesta:

-“ Se un cidadán pide unha documentación hai que darlla”.

Sra. Alcaldesa:

-“Hai un informe que di que non”.

Sr. Luís Insua:

-“No Pleno anterior xa preguntamos polo asunto da recollida de lixo, os colectores cheos xeran unha imaxe lamentable para a xente que nos visita e malestar entre a veciñanza. Ten pensado tomar algunha medida aínda que eso non vén nas fotografías”.

Sra. Alcaldesa:

-“O 1 de xaneiro de 2024 entrará en vigor a nova maneira de facer a recollida de lixo de residuos orgánicos. Eso cambiará totalmente o panorama da recollida do lixo. Claro vós non tedes porque sabelo porque non estades ao día das normativas que van saíndo.

Xa levamos traballando nelas e mantivemos reunións co sector da hostelería”.

Sr. Luís Insua:

-“No Decreto 2023/G003/00588 constan gastos de desprazamentos dos membros do equipo que a acompañan no goberno. Supoñemos que isto estará xustificado”.

Sra. Alcaldesa:

-“Por suposto, qué dúbidas ten?”

Sr. Luís Insua:

-“ Como o dos permisos de Costas”.

Sra. Alcaldesa:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Esa pregunta deberá facerlla ao Interventor que non pagaría nada que non estivese xustificado. Está sembrando unha cortina de fume, pregúntelle ao Secretario-Interventor se constan acreditados eses desprazamentos”.

Sra. Alcaldesa:

-“A min cóstanme”. Hai un informe de Secretaría- Intervención”.

Sr. Luís Insua:

-“Eu pregunto se están xustificadas”.

Sra. Alcaldesa:

-“Todo o que se paga está xustificado, pode dicirlllo ao actual secretario e o anterior tamén llo pode corroborar”.

Sr. Luís Insua:

-“Neste grupo consideramos que é unha prioridade que os espazos escolares estean en condicións para que os cativos poidan exercer as súas actividades, volvemos a insistir na necesidade de pintar, adecuar os teitos do CEIP AREOUTA de Sardiñeiro.

Téñense pensado levar a cabo estes traballos?”

Sra Alcaldesa:

-“Xa ven a AMPA a solicitalo, nós como Concello miramos todas as necesidades, témolas anotadas xa desde cando se abriu o Colexio, falamos coa Directora e pediu determinadas cousas que están na nosa lista de traballos a realizar.”

Sr. Luís Insua:

-“Hai programa algunha actuación nas estradas que non sexan as herdadas do Goberno anterior? ”.

Sra, Alcaldesa:

-“Vostede sabe o que é un plan único de obras. As obras que vostede di herdadas estaban nun papel e hai que traballalas, temos programadas obras a maiores pero hai que tratar o Plan de Obras de 2024, que trataremos con vós nunha sesión informativa.”

-Sr. Luís Insua:

-“Hai rumores que se vai cambiar a ubicación da estatua do Emigrante”.

Sra. Alcaldesa:

-“Eu aos rumores non contesto, de momento non son proxectos que teñamos.”



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sr. Luís Insua:

-“ Por último: como van as obras do pavillón?. Porque os nenos de fútbol sala seguen xogando e adestrando fóra.”

Sra. Alcaldesa:

-“Si porque as obras non están rematadas, rematarán en breve. Van moi ben, aínda hai cousas que ultimar no pavillón.”.

Sr. Luís Insua:

-“O estado da pista, qué tal está?

Sra. Alcaldesa:

-“Está mal porque non foi contemplada , agora veremos como a salvamos ata que se poida investir na pista”.

Sr. Luís Insua:

-“ O mobiliario”.

Sra. Alcaldesa:

-“Eso non estaba presupostado, as columnas que soportaban o pavillón tampouco, e máis cousas que tivemos que asumir para que o pavillón puidera chegar ata onde chegou. Hai cousas que facer a maiores buscando axudas”.

Sr. José Marcote:

-“Houbo unha recepción de un grupo de xaponeses, unha especie de “hermanamiento”, entre camiños”.

Neste tipo de actos, teño entendido que foi para persoas invitadas, foi un acto máis ou menos pechado.

A pregunta é: Tratándose de cuestións do camiño, por qué non se invitou a ninguén do sector da hostelería, porque entendo que por aí van os tiros”.

Sra. Alcaldesa:

-“Non, non van por aí os tiros..Foi un hermanamiento entre a prefectura de Wakayama, o pobo de Nachikatsura e nós (Concello de Fisterra).

Foi un acto elaborado con bastantes videoconferencias e moi cadrado con eles, xa que son moi protocolarios. Decidiuse así conxuntamente e directamente co alcalde do seu pobo, a alcaldesa de Fisterra e os nosos asesores como o Sr. Jorge Mira que foi un deles.”

Sr. José Marcote:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“O Sr. Mira é asesor seu?”.

Sra. Alcaldesa:

-“ Neste punto, si. Acompañoume en todo momento e así se decidiu,c foi un acto moi protocolario. Foron invitados un de cada grupo político a que asistiran. Aceptaron a gravalo porque o estaban vendo en Xapón.
As persoas contadas e consensuadas con eles.”

Sr. José Marcote:

-“Pregunto isto porque os xaponeses traerían tamén a súa xente”.

Sra. Alcaldesa:

-“Acordouse incluso o tamaño das bandeiras”.

Sr. José Marcote:

-“ Todos estivemos en actos protocolarios”.

Sra. Alcaldesa:

-“Como este non, é un acto protocolario onde nós respectamos totalmente a outra parte. Non querían sentirse en inferioridade numérica porque querían un acto íntimo”.

Sr. José Marcote:

-“Eu non digo que lle faltaran ao respecto; se lle faltaron ao respecto foi a Fisterra. Nin vostedes nin nós temos nada que lle recriminar a eles.

O que pasa é que en Fisterra todo o mundo se preguntaba quen era o do niki laranxa que estaba aí porque a xente non sabía quen era e saía en todas as fotos”.

Sra. Alcaldesa:

-“Non recordo as vestimentas”.

Sr. José Marcote:

-“Saíu en todas as fotos, Nos actos de protocolo hai uns criterios e dentro deses non entran os asesores particulares.

Cantos concelleiros ten este partido, ten 3 ou 4?

Cando están falando con vostede contesta o de alí (sinalando ao público) 3 aquí, e 1 alí.

Ten razón o Sr. Luís Insua, ten que poñer orde e dicirlle á xente que é sempre o mesmo, con dicirillo a un xa soluciona.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Quero dicirle que non faga un uso partidista do Concello de Fisterra porque é de todos os fisterráns non de Alternativa dos Veciños, e non é para promocionar a persoas de Alternativa dos Veciños, é para promocionar Fisterra.

O outro era unha pregunta, agora un rogo:

-Vin na prensa que foron á Deputación a solicitar unha senda peonil para Rostro. A miña pregunta é: saímos do Programa de Sendas Litorais de Galicia ou non?

Nós estábamos no programa, entramos nel porque se comprometeron facer unha senda peonil en Rostro. Perdemos os cartos da Deputación?"

Sra. Alcaldesa:

-“Non, trátase doutra”.

-“Están traballando na senda, falta chegar a Fisterra”

Sr. José Marcote:

-“No programa consensuado que fixemos entre o grupo de Alternativa dos Veciños e nós para levar a cabo un programa de goberno poñíamos entre outras cousas facer unhas actuacións aquí para darlle outro aspecto á zona da Cruz. Iniciaron algo para empezar a facer o proxecto. Digoo porque esas cousas levan tempo.”

Sra. Alcaldesa:

-“Estamos neso máxime cando hai que falar con outras Administracións, en breve cando teñamos algo xa volo comunicamos”.

Sr. José Marcote:

-“A modificación puntual do Plan Urbanístico está no mesmo sitio ou chegou algún informe de Urbanismo?”.

Sra. Alcaldesa:

-“Chegou un informe de Urbanismo que está nas mans do arquitecto”.

Sr. José Marcote:

-“Este informe dá pé á exposición pública?”

Sra. Alcaldesa:

-“Mellor é que fala co arquitecto”.

Sr. José Marcote:

-“Chegou algo sobre o PEPRI”?



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sra. Alcaldesa:

-“Non”.

Sr. José Marcote:

-“Cóstalle moito licitar obras?”.

Sra. Alcaldesa:

-“Bueno, menos que a vostede”.

Sr. José Marcote:

-“Acaba de dicirle ao PP e ao BNG que licitar era doado”.

Sra. Alcaldesa:

-“Vostede deixou sen licitar, que diga o Sr. Secretario o traballo que dá, gustaríame que me explicara porque vostede deixou sen licitar”.

Sr. José Marcote:

-“Non as licitei para que viñera vostede a facelo”.

Sra. Alcaldesa:

-“ Moi contento non estivo que viñera eu cando me castigou como o fixo”.

E non tendo mais asuntos dos que tratar a Sra. Alcaldesa, levanta a sesión sendo as 20:31 horas, do que, como secretario , dou fe.